

*A Manuel Rodríguez López*

*In memoriam*

## **MAR DE ARDENTÍA**

O mar tomou do mar o seu camiño,  
atopou no equinoccio esoutro alento,  
na gramática voz tivo o sustento  
chamando a sotavento paseniño.

O mar medrou co mar. Vén amodiño  
condescendentemente tras do vento,  
vogando sen compás, sen alimento,  
contra a relasca cruel, decontadiño.

Seica el non quixo naufragar na vaga,  
desconsoladamente, en nós aciaga.  
Sentiu o mar na area a súa procura  
  
de branca luz das horas da ardentía.  
Achou na cor do sal melancolía,  
no abrazo dos argazos a tenrura

**Alexandre Nerium**

